

## Máster de Visión por Computador

Víctor Manuel, secretario da Comisión Académica do Máster de Visión por Computador:

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión Académica do Máster de Visión por Computador na súa sesión ordinaria do 22/01/2024 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación.

### **Punto 1. Aprobación actas CAM anteriores**

Apróbase a acta ordinaria da CAM do Máster de Visión por Computador do día 26/09/2023, así como a extraordinaria do día 13/11/2023 coa condición de corrixir unha falta tipográfica.

### **Punto 2. Informes docentes- Quinquenios**

Valórase positivamente o informe da docencia no Máster de Visión por Computador do profesor Xosé Manuel Pardo López para a súa solicitude de quinquenios desta convocatoria do 2024.

### **Punto 3. PDA 2024- 2025**

Apróbase o PDA referente ó Máster de Visión por Computador para o curso académico 2024- 2025.

### **Punto 4. Membros tribunal TFM curso 2024- 2025 e posteriores**

Apróbase ampliar a lista de posibles membros dos tribunais de TFM para o curso académico 2024- 2025 e posteriores, incluíndo ademáis do profesorado de materias ou asignaturas do máster, titores ou titoras dos TFM que no curso académico en cuestión exerzan como tales, aínda que non impartan asignaturas do máster.

### **Punto 5. Límite de prazas**

Apróbase o límite de prazas para o estudantado no curso académico 2024- 2025, a 7 + 1, igual que no curso 2023- 2024; sete prazas, que corresponden de maneira regular, máis unha praza adicional para paliar-lo efecto do movemento de listas de preinscritos ou preinscritas no Máster de Visión por Computador.

E para que así conste asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, a 24/01/2024.